



NA DEFENSA DAS NOSAS PENSIÓNS

COUSAS QUE DEBES SABER SOBRE AS PENSIÓNS

- Na Galiza temos as **segundas pensións máis baixas** de todo o Estado
- A pensión media na Galiza é case 15 puntos menor que a contía media estatal: **173 euros menos ao mes**
- A provincia coa **pensión media máis baixa** do estado está aquí, é Ourense
- A **pensión mínima** contributiva na actualidade está fixada en 825,20 euros ao mes, mentres que a pensión mínima non contributiva é de 517,9 euros. Calquera das dúas cifras, **claramente insuficientes para unha vida minimamente digna** dada a constante escalada de prezos.
- As **mulleres** pensionistas galegas cobran de media **421,88 euros menos que os homes**, a fenda de xénero das pensións sitúase no 33,6%.
- Aos 65 anos a fenda das cotizacións é de 11 anos: mentres os **homes** teñen de media **cotizados 35,6 anos**, as **mulleres** teñen **24 anos e medio**.
- Actualmente, ningún galego e ningunha galega cando chega aos 65 anos ten de media os 38 anos e medio que se requiren para se poder xubilarse a esa idade.



COLECTIVO DE XUBILADOS/AS
E PENSIONISTAS



EXIXIMOS!

Desde o Colectivo de Xubilados/as e Pensionistas da CIG seguimos loitando para que as nosas pensións sexan dignas, para que o Sistema Público de Pensións sexa forte, para que calquera pensionista teña unha pensión que lle permita vivir con dignidade e sen penurias. Por iso, seguimos exixindo:

- A **revalorización das pensións conforme ao IPC acumulado** a final de ano e a recuperación do poder adquisitivo que se perdeu coa introdución no 2021 do índice do IPC medio.
- A fixación por lei da **pensión mínima igual ao Salario Mínimo Interprofesional**. O SMI no 2024 debería ser de 1.253€, que é o **60% do salario medio**, tal e como se recolle na Carta Social Europea. A pensión mínima debería ser tamén desa contía.
- A recuperación dos dereitos perdidos en canto ás pensións, demandando a **derrogación das reformas das pensións**, desde a de 2011, ata o último acordo de reforma deste ano, que vai dificultar aínda máis o acceso á pensión para moitos traballadores e traballadoras.

MOBILÍZATE CONNOSCO POR UNHAS PENSÍONS PÚBLICAS DIGNAS!

Mobilización:



**COLECTIVO DE XUBILADOS/AS
E PENSIONISTAS**